

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

LECCIÓN DE OPTIMISMO NA ABERTURA DOS CURSO DE CGALEGO NA UB

Víctor Freixanes: "o pesimismo é reaccionario"

O Dr. Víctor Fernández Freixanes inaugura a abertura da XXXI Edición dos cursos de Lingua e Cultura Galegas na Universitat de Barcelona coa súa magnífica conferencia titulada: Galicia, na fronteira do novo século. O profesor Basilio Losada encargouse de presentar ao conferenciante cunhas amables palabras chegando a proporlle dedicarse á política xa que «é un home que fai falta» e que «con cincuenta como el no país arranxárase todo» Por **David P. González**.

- 19:32 16/10/2005

O pasado sábado 14 de outubro comezou en Barcelona unha nova edición de cursos dedicados a todos aqueles que se animen a achegarse á cultura e lingua galegas. A apertura non podía ter mellor comezo, cunha amena inauguración dos cursos realizada a cargo de Helena González e Carlos Cordeiro na que se citaron interesantes anécdotas como a protagonizada por Carles Riba, autor catalán que inaugurou unha nova corrente literaria cos seus poemas escritos en galego xa que ían dedicados a unha moza filla de galegos emigrados.

No seu discurso, Basilio Losada aludiu a un concepto místico da lingua e pronunciou frases lapidarias como «o día que Galiza deixe de falar galego xa non será a miña patria». Esta visión da cuestión foi en certo punto contraposta polo discurso de Freixanes, a pesares de que comezou a súa exposición lembrando aqueles tempos nos que se descoñecía a identidade galega, expondo exemplos como o dunha enquisa que realizara para a radio en 1975 preguntando pola identidade de Castelao, e da que obtivo como resultado que de sesenta e dous enquisados, tan só dous tiñan algunha noción ao respecto. A súa xeración, e tomo a partir de aquí directamente o seu discurso, apreciou a épica que había en toda aquela xente descoñecida e soubo decatarse de que había valores que pagaban a pena, de que nós tamén tiñamos discurso. Aproveitou aquí para anunciar unha exposición que intentarían traer á Biblioteca de Catalunya sobre os cincuenta anos da obra de Cunqueiro *Merlín e Familia*, obra que supuxo un fito na recuperación da narrativa galega despois da guerra civil e que constitúe un símbolo da cultura occidental. Esta cultura que ten as súas bases na grecolatina, na Biblia, no mundo artúrico e no camiño de Santiago, e que alcanzou na nosa terra o seu grao máis alto de modernidade durante a Idade Media para logo volver atrás, a destecer como Penélope. Precisamente agora, subliñou o conferenciante, é cando Galiza volve a ter esa oportunidade de recuperar a modernidade.

Noutro senso o noso académico sentenciou que a cultura debe dialogar co seu tempo tendo memoria do pasado e soñando e proxectando o futuro. As culturas vivas son dinámicas e están en continua transformación e na medida en que superamos crises xorden outras novas, hai que vivir no tempo da xente e

dentro dese contexto facer unha sociedade mellor. Xa non temos unha única identidade cultural, hoxe podemos percibirnos dentro da cultura galega, pero tamén dentro da europea, ou mesmo dentro da cultura do feminismo ou do jazz; a cultura non é un territorio pechado, senón unha actitude do ser humano. Nesa nova sociedade multicultural e multilingüe é onde temos que vivir. Chegados a este punto formúlase unha cuestión: que posibilidades teñen a lingua e a cultura galegas nesa nova realidade? O tamén director da Editorial Galaxia amósase moi optimista e apunta dous motivos principais para isto. O primeiro é que formamos parte do primeiro mundo, e dentro deste, atopámonos nun espazo xeograficamente estratéxico; o segundo, que temos unha cultura alfabetada, cunha tradición, cunha literatura e o recoñecemento da mesma grazas ao esforzo das minorías por non perder a modernidade. A nosa lingua atópase desacomplexada, gañou a batalla do prestixio e tamén conta cunha boa posición estratéxica que nos conecta co español e co portugués, posición na que hai bazas que xogar. A riqueza, di Freixanes, está na capacidade de xestionar os nosos valores culturais con prestixio, e explotar o valor de Galiza como marca de calidade para os nosos produtos. En contra do pensamento único, temos un país e unha cultura diferentes ao resto, temos algo propio e de calidade, poñámolo de moda!

Apuntou así que o país xoga hoxe a carta de non perder a modernidade, e que para iso perderemos moitas cousas polo camiño, pero é que, ao seu parecer, movémonos entre dúas actitudes que representou a través de dúas tradicións populares da cultura galega: a da «Paxariña de Armenteira», na que se nos di que un monxe engaiolado polo cante desta ave bótase a durmir e ao espertar xa pasaron un montón de anos, e cando volta á súa casa alí xa están instalados outros; e a outra tradición sería a das «Trabes de Ouro e Alcatrán» sobre as que se mantén o mundo, e na que se nos di que para chegar á felicidade hai que alcanzar a de ouro a través dunhas palabras secretas («ou tes información ou non chegas»), pero tamén se corre o risco de rozar ca trabe de alcatrán, de maneira que se incendiaría todo. A actitude á que invocou o conferenciante foi a non ter medo de bater ca trabe de alcatrán e asumir a cultura do risco, a dos emprendedores: «Que nos enterren por tolos e non por submisos».

Dí Freixanes que estes son os dous polos entre os que nos atopamos agora, e que el aposta por equivocarse pois «o pesimismo é reaccionario, e favorece sempre ao inimigo».